



Concello de Ortigueira

**DE: INTERVENTORA MUNICIPAL.
DESTINATARIOS: SR. ALCALDE-PRESIDENTE E MEMBROS DO
PLENO DA CORPORACIÓN.**

ASUNTO: Informe que, de acordo co disposto no art. 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/ 2004 polo que se aproba a Lei reguladora das Facendas Locais e art. 18.4 do Real decreto 500/90 se emite pola Interventora municipal, en relación co Proxecto de Orzamento para o ano 2015, formado pola Alcaldía e remitido Pleno da Corporación para a súa aprobación.

I) DOCUMENTACIÓN QUE INCORPORA O EXPEDIENTE.

O expediente de Proxecto de Orzamento para o exercicio 2016 presentado nesta Intervención incorpora a seguinte documentación:

- Memoria subscrita polo Alcalde-Presidente da Corporación, explicativa das principais modificacións que presente o Orzamento respecto ó anterior.
- Informe económico-financieiro, no cal se expoñan as bases utilizadas para avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia de créditos para atender ó cumprimento das obrigas exisibles e ós gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia , a efectiva nivelación do Orzamento
- Estado de ingresos, no que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar no exercicio.
- Estado de gastos, coa debida especificación dos créditos necesarios para atender os cumprimentos das obrigas.
- Anexo de Persoal da entidade.
- Anexo de Investimentos.
- Estado de situación e movementos da débeda municipal.
- Bases de Execución do Orzamento para o exercicio de 2016.
- Liquidación do Orzamento do exercicio 2015 e Avance da liquidación do exercicio 2016 .

Polo tanto, pódese dicir que o expediente está completo e contén toda a documentación preceptiva, de acordo co previsto nos artigos 164 e 165 do Real Decreto Lexislativo 2/ 2004 polo que se aproba a Lei reguladora de Facendas Locais e no artigo 18 do Real Decreto 500/90.

II) LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 2/ 2004 polo que se aproba a Lei reguladora de Facendas Locais

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

- Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve a Lei reguladora de Facendas locais en materia de presupostos.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Lei de Presupostos xerais do Estado para o exercicio 2014.
- Previsións dos gastos de persoal ao servizo do sector público contidas na Lei de Presupostos xerais do Estado para o ano 2014.
- Artigos correspondentes da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e do Real decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril.
- Lei 7/ 2007 do Estatuto básico do empregado público.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Orde EHA/3565/2008, 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.

III) CONSIDERACIÓNS.

PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE VIXENTE.

1) Cuestión previa de formalidade.

De acordo co disposto no artigo 168.4 da Lei reguladora de Facendas locais, o Alcalde-Presidente debe remitir o Orzamento ao Pleno da Corporación, informado polo interventor e cos anexos e documentación complementaria, antes do día 15 de outubro de cada ano, para a súa aprobación, enmenda ou devolución. Neste caso, incumriuse o prazo establecido, aínda que tal incumprimento non afecta para nada a validez e eficacia do previsible acordo de aprobación. O prazo previsto no referido artigo non é de carácter preclusivo, senón que só trata de que se inicie o ciclo orzamentario (estudio, aprobación, entrada en vigor, execución e liquidación) en tempo oportuno, de xeito que o debate orzamentario, incluso a presentación de posibles reclamacións, se realice antes do día no que debe entrar en vigor. O retraso con respecto a data legalmente establecida, obrigará ao Concello a prorrogar automaticamente o Orzamento do exercicio de 2016 para o exercicio de 2017, polo importe dos seus créditos iniciais e sen que caiba a prórroga dos créditos ou programas especialmente previstos para o exercicio de 2016.

2) PRINCIPIOS ORZAMENTARIOS

A) Cumprimento do Principio de equilibrio orzamentario anual.

O Orzamento preséntase equilibrado en ingresos e gastos, polo importe total de 6.424.056,78 euros, polo que se está a cumprir cun dos principios clásicos e legais aplicables aos Orzamentos das Administracións públicas. Este equilibrio non debe ser unicamente de carácter formal, axustando as expectativas de ingresos ao montante total de gastos, senón que debe realizarse

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

partindo sempre do Principio de prudencia na presupostación dos ingresos, de xeito que a futura liquidación non sexa de carácter negativo e conduza a un Remanente de tesourería negativo.

Así a estimación dos recursos económicos debe fundamentarse fundamentalmente valorando aspectos coma os seguintes:

- Comparativa previsións iniciais- dereitos liquidados no última liquidación aprobada e no avance da corrente.
- Os incrementos dos tipos de gravame dos diferentes tributos e prezos públicos , no caso de producirse.
- A estimación de outros ingresos extraordinarios, previa acreditación xustificativa dos mesmos.

E pola súa parte a estimación dos créditos orzamentarios debe realizarse partindo das seguintes premisas:

- Valoración da relación orzamentaria do persoal.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, mediante contratos, convenios, pactos ou acordos.
- A cuantificación das necesidades de gastos correntes e servizos que debería ser facilitada polos diferentes Departamentos administrativos e Concellerías.
- As posibles débedas de exercicios pechados, pendentes de recoñecemento por falla de crédito orzamentario nos exercicios de orixe e sobre os que exista resolución firme ou exista documentación acreditativa da execución da obra, prestación do servizo, entrega do subministro ou materialización do gasto.
- As anualidades dos proxectos de gastos de carácter plurianual vixentes.
- Os créditos necesarios para dar cobertura orzamentaria ós novos proxectos de inversión a iniciar no ano 2017.

Pero non so debe cumprirse con este principio de nivelación formal, senón que tamén é necesario cumprir co principio de nivelación dende un punto de vista económico- orzamentario, así os gastos ordinarios (gastos correntes e amortizacións de préstamos: capítulos 1,2,3,4 e 9) non poden ser maiores que os ingresos ordinarios (ingresos correntes excepto ingresos correntes extraordinarios)

- Ingresos ordinarios: 6.424.056,78€.
- Gastos ordinarios: 6.347.256,78 €.

Da comparación da ambas cantidades pode determinarse que se cumpre co requisito de nivelación orzamentaria.

B) Orzamento bruto: Cúmrese co principio de orzamento bruto, de modo que os gastos e os ingresos aparecen previstos polo seu importe total, non polo neto.

C) Estabilidade orzamentaria: Respecto ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, emítese por esta intervención informe específico e separado.

D) Regra de gasto: Respecto ao cumprimento da regra do gasto, debe terse en conta que a Orde

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LO 2/2012, elimina a obriga de remisión do informe de Intervención sobre o cumprimento da regra de gasto, sendo soamente necesario nesta fase de aprobación do orzamento, o informe da Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda.

Tamén con respecto á información trimestral, se substitúe a obriga de remisión da actualización do informe de Intervención sobre o cumprimento da regra de gasto, pola obriga de realizar unha valoración do cumprimento da regra de gasto ó peche do exercicio.

A Subdirección General de Estudos y Financiación de Entidades Locales, dependente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, establece no seu escrito de 5 de decembro de 2014 que, “Considerando lo expuesto, esta Subdirección General entiende que la valoración se deberá realizar con motivo del informe trimestral a la ejecución del presupuesto, estimando el cumplimiento de la regla de gasto a liquidación, pero no con ocasión de la aprobación del presupuesto general por lo que no será obligatoria la emisión de informe y valoración de la regla de gasto en relación con el presupuesto inicial o su proyecto ni su remisión al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, si bien esto no obsta para que el órgano interventor, si así lo considera, incluya en su informe de fiscalización al presupuesto general cualquier aspecto sobre esta materia que considere oportuno.”

Por parte desta Intervención manifestar que dado que a valoración do cumprimento de regra de gasto se realizaba neste momento do exercicio, en base a estimacións dos datos a 31 de decembro e en base ás previsións de gastos e ingresos que conforman o orzamento xeral, podería darse o caso de que o orzamento cumprise coa regra de gasto e logo na liquidación con datos reais, tivese lugar un incumprimento ou ó revés, polo que será nas liquidacións, cos datos reais a 31 de decembro, onde se realizará informe sobre o cumprimento da regra de gasto e nese momento de non cumprir, haberá que realizar un plan de axuste. Momento no que sí será preceptivo a remisión do informe a través da plataforma da Oficina Virtual para as Entidades Locais, ó Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Advertir que trimestralmente terá lugar unha valoración sobre o cumprimento de regra de gasto, e que de observar nese momento un posible incumprimento da mesma, haberá que tomar as medidas correctoras que procedan para que na liquidación do orzamento exista cumprimento deste extremo. O mesmo sucede coa evolución dos ingresos, que de observar que non é conforme o previsto, haberá que realizar a contención de gasto correspondente, para paliar o efecto que implicaría esa minoración de ingresos.

E) Sostenibilidade financeira: Regúlase no artigo 4 da LOEOSF, e enténdese como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública. Ademais, o artigo 15 dispón que no primeiro semestre de cada ano o Goberno fixará o obxectivo de débeda pública referido aos tres exercicios seguintes para cada un dos subsectores da administración pública.

F) Cumprimento do límite de débeda : A LOEPSF no seu artigo 13 establece a obrigación de non rebasar o límite de débeda pública que para as Entidades Locais fixouse no 3,6% do PIB para o exercicio 2017. Como non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, o informe emitido por intervención debe reducirse a calcular o “nivel de débeda viva segundo protocolo do Déficit Excesivo” e o “nivel de débeda viva formalizada”.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

O modelo deseñado pola Subdirección Xeneral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal co motivo da aprobación do Orzamento 2013, utilizou este criterio de débeda.

En consecuencia:

- O volume de débeda viva estimada a 31.12.2016, segundo cadro, cifrase en 2.249.498,35 euros:

F.1.1.B3. Estado de movemento y situación de la deuda	Prevision a 31-12-2016		Prevision del ejercicio 2017				Prevision a 31-12-2017
	Deuda viva (1)	Credito disponible	Dispuesto en el ejercicio (2)	Amortizaciones		Intereses y gastos financieros	Deuda viva (5)=(1)+(2)-(3)-(4)
				Ordinaria s/ contrato (3)	Extraordinaria (4)		
Concepto							
Operaciones con Entidades de credito	1.533.655,21	0,00	0,00	292.777,91	0,00	23.218,66	1.240.877,30
Operaciones a largo plazo	1.533.655,21		0,00	292.777,91			1.240.877,30
Deudas con Administraciones Públicas	972.341,45	0,00	0,00	33.928,26	0,00	0,00	938.413,19
Con la Administracion General del Estado*							
Liquidación PIE - 2008	54.160,94			10.832,16		0,00	43.328,78
Liquidación PIE - 2009	24.685,63			4.937,16		0,00	20.159,90
Ministerio de Industria	133.337,66			18.158,94		0,00	115.178,72
Con la Diputación*	760.157,22			0,00			760.157,22
TOTALES	2.505.996,66	0,00	0,00	326.706,17	0,00	23.218,66	2.179.290,43

- O volume de débeda viva estimada a 31.12.2016, segundo cadro, cifrase en 2.505.996,66 euros



Concello de Ortigueira

	Total Ingresos Correntes	Emisións Débeda	O. entidades de crédito	Factoring	Avales Executados	Outros crédito	Débedas con AAPP	Total débeda viva a 31/12/2016
Concello	6.424.056,78	0	1.533.655,21	0	0	0	972.341,45	2.505.996,66

- O volume de débeda formalizada a 31.12.2016, segundo cadro, cifrase en 2.505.996,66euros:

	Total Ingresos Correntes	Emisións Débeda	O. entidades de crédito	Factoring	Avales Executados	Outros crédito	Débedas con AAPP	Total débeda viva a 31/12/2014
Concello	6.424.056,78	0	1.533.655,21	0	0	0	972.341,45	2.505.996,66

Os ingresos correntes a considerar na estimación do nivel de débeda previsto son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE
(+)Suma dos ingresos previstos nos capítulos 1 a 5 do Orzamento	6.424.056,78
(-)Ingresos por multas coercitivas, ou derivados de convenios urbanísticos de planeamento, ou calquera outros que expresamente fosen declarados como integrantes do patrimonio público del chan.	0,00
(-)Ingresos por actuacións de urbanización, tales como o canon de urbanización, cuotas de urbanización, o calquera outros de este carácter	0,00
(-)Aproveitamentos urbanísticos, e outros ingresos por aproveitamentos edificatorios distintos dos anteriores	0,00
(-)Ingresos por multas impostas por infraccións urbanísticas, expresamente afectados a operacións de igual carácter, que non se integrasen no patrimonio público do solo.	0,00
(-) Contribucións especiais afectadas a operacións de capital	0,00
(-)Ingresos polo canon de mellora do servizo de auga ou canon de saneamento cando este afectado, pola normativa sectorial, ó financiamento de inversións de capital relacionadas co servizo prestado, tales como infraestruturas hidráulicas, ou redes de saneamento e depuración, entre outras.	0,00
(-)Aproveitamentos agrícolas e forestais de carácter afectado; en particular el Fondo de Mellora de Montes cando estea afectado á realización de inversións, tales como a execución de melloras en montes de titularidade municipal, ou a realización de melloras de interese forestal xeneral da provincia.	0,00
(-)Outras concesións e aproveitamentos, afectados pola normativa aplicable á financiamento de operacións de capital.	0,00
(-)Outros ingresos afectados a operacións de capital distintos dos anteriores.	0,00
(-)Outros ingresos incluídos nos Capítulos 1 a 5 do orzamento no consolidables a futuro.	0,00
Total de ingresos correntes a considerar:	6.424.056,78

Así tendo en conta estes datos o nivel de débeda viva previsto a 31/12/2016 en relación ós

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

ingresos correntes do proxecto de orzamento para o ano 2016 ascenderá a 39,00 % como resultado do seguinte cálculo:

Nivel de débeda formalizada/ Ingresos correntes= 2.505.996,66 / 6.424.056,78

SEGUNDA PARTE: ANÁLISE DOS ESTADOS NUMÉRICOS DO ORZAMENTO.

1) Observacións ás previsións de ingresos do Orzamento

Como xa se determinou anteriormente a presupostación dos ingresos debe realizarse partindo sempre do Principio de prudencia de xeito que a futura liquidación non sexa de carácter negativo e conduza a un Remanente de tesourería negativo. A presupostación de ingresos con carácter xeral basase na recadación do exercicio anterior, sendo a súa estimación prudente.

No **estado de ingresos** do orzamento do Concello para o exercicio 2017 recóllense unhas **previsións de ingresos por importe de 6.424.056,78 euros**, cuxa distribución pode plasmarse no seguinte cadro ilustrativo dos importes como da porcentaxe que representan en relación aos ingresos totais do Concello.

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	COEFICIENTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.930.262,80	0,3005
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	111.932,30	0,0174
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	897.223,53	0,1397
4	TRANSF. CORRENTES	3.254.610,34	0,5066
5	INGRESOS PATRIMONIAS	230.027,81	0,0358
	TOTAL OPER. CORRENTES	6.424.056,78	1,0000
6	INVERS REAIS	0,00	0,0000
7	TRANSF. DE CAPITAL	0,00	0,0000
	TOTAL OPERAC. CAPITAL	0,00	0,0000
	TOTAL INGRESOS	6.424.056,78	

Cabe aludir neste apartado que o capítulo 4 recolle unha serie de previsións amparadas na aprobación pola Deputación do programa POS + 2017. Este programa establece a concesión dunha achega global ao Concello de Ortigueira para o cumprimento dunha serie de finalidades e as posibilidades de distribución desta achega global por parte do Concello atendendo a unha serie de criterios que deben ser respectados.

Pois ben, en base a isto consta orzamentado en previsións iniciais (46100) as contías que segundo se afirma no informe económico financeiro se ten previsto destinar a gasto corrente (420.000€) e pago de facturas (230.000€), finalidades do programa POS + 2017.

Esta funcionaria manifesta en relación con estas previsións que se ben é certo que o programa foi aprobado pola Deputación constando a contía asignada a este Concello, aínda non se formulou a solicitude ante o ente subvencionante polo que non hai seguridade xurídica en canto á distribución certa da cantidade global. En todo caso, enténdese que a inclusión nos orzamentos destas cantidades adianta a manifestación da vontade do Concello en canto ao destino que a ese importe (650.000) se lle dará no marco do citado programa e en consecuencia a posterior solicitude terá que ser coherente con ela, xa que doutro xeito habería que realizar os

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

correspondentes axustes no orzamento que debe reflexar a realidade subvencional.

Esta funcionaria recorda nembargantes que en tanto non se aprobe a subvención pola Deputación non se pode predicar destes recursos a súa executividade.

en canto en puridade a inclusión destas previsións debera realizarse unha vez

2) **Observacións ás previsións de gastos do Orzamento**

Polo que respecta ós gastos cabe facer ás seguintes observacións:

A) Polo que respecta aos **gastos de persoal**:

- Tendo en conta a normativa actual, non se inclúe incremento nas retribucións do persoal.
- Reitérase a advertencia da existencia de persoal contratado por obra ou servizo e interino cuxa duración estase a prolongar no tempo, polo que resulta evidente o seu carácter de permanencia no tempo, o que implica unha irregularidade na contratación e selección do persoal, como xa se ten posto de manifesto ó longo de diferentes informes.
- A Lei de orzamentos para o exercicio 2016 establecía que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ó nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán ós sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Actualmente non se conta con Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017. Non obstante, a propia CE establece no artigo 134.4 a prorroga automática dos orzamentos neste caso. Non obstante, esta funcionaria advirte da posibilidade de ter que realizar modificacións ao orzamento unha vez sexan aprobados os do Estado para acomodalos ás directrices que poidan establecer.

- Informa esta funcionaria que este concello non conta con RPT, sendo este un documento de carácter obrigatorio, e que por tanto descoñécese a base de cuantificación dos correspondentes complementos específicos. Igualmente no caso do persoal laboral. É necesario que se habiliten os medios precisos para a aprobación do referido documento.

Directamente relacionado con isto, cabe destacar que á vista do cadro de persoal de funcionarios se amortizan dúas prazas e se crea unha terceira denominada “Técnico de Intervención”. O procedemento axeitado sería a modificación previa da RPT neste sentido, amortizando as dúas prazas e procedendo á valoración e determinación das funcións da nova e realizado este trámite, pasaría a incluírse no cadro de persoal do orzamento. Polo tanto, tal valoración non se fixo de acordo co procedemento establecido.

Modifícase o nivel de complemento de destino da praza denominada “oficial da policía local” (de 18 a 22). Igualmente ao carecer de RPT, a modificación non conta co apoio dunha valoración previa que a xustifique.

Obsérvase unha praza de administrativo ao que se lle retribúe un nivel por enriba do límite máximo previsto (que no seu caso é o 24). Descoñécese o fundamento legal da aplicación do dito nivel, formulándose reparo.

Prodúcese un incremento do capítulo 1 de gastos como consecuencia do incremento indicado da

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

praza de oficial de policía local, da creación de dúas prazas de auxiliares de policía local e do incremento das prazas de auxiliares de axuda no fogar (pasan de 25 a 31).

En relación con esta cuestión cabe facer referencia ao artigo 103 bis da Lei 7/1985 de bases de réxime local no que se regula a masa salarial do personal laboral do sector público local e que establece que “Las Corporaciones locales aprobarán anualmente la masa salarial del personal laboral del sector público local respetando los límites y las condiciones que se establezcan con carácter básico en la correspondiente Ley de Presupuestos Generales del Estado”; e ao artigo 19.Dos da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2016 (Lei 48/2015, de 29 de outubro)-entendendo a prórroga automática dos orzamentos en coherencia co artigo 134,4 CE - que establece: “ En el año 2016, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2015, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.”

Dado que non se coñece normativa que desenvolva e concrete a prórroga automática dos orzamentos do Estado, por principio de prudencia, non se aplica a suba salarial que se estableceu para o exercicio 2016 á espera da concreción legal posterior sobre esta cuestión. Non obstante, as Leis de Orzamentos do Estado dos últimos anos veñen contemplando ou ben unha conxelación salarial ou una subida porcentual de todas as retribucións (exercicio 2016: 1%) en termos de homoxeneidade coas retribucións a 31 de decembro do exercicio anterior.

As modificacións incluídas no persoal supoñen un incremento de capítulo 1 polo que entendo que se debe xustificar na proposta de alcaldía o dito incremento e o cumprimento dos preceptos referenciados, formulando reparo noutro caso.

B) En canto ás subvención sinálase que nas BEO prevese a concesión de subvencións nominativas por importe representativo dentro do conxunto de gastos de capítulo 4. Esta funcionaria recorda que en base o disposto no artigo 21 .1 da *Ley General de Subvenciones* e no artigo 55.1 do *Reglamento de la Ley 38/2003*, que determinan que *o procedemento ordinario para a concesión de subvencións e o procedemento de concorrencia competitiva*, debería terse en conta esta circunstancia polo Pleno, órgano ó que corresponde a aprobación do Orzamento, tratando en expedientes futuros de fomentar o réxime de concorrencia competitiva fronte o procedemento de concesión directa e tratando de garantir os principios fixados no artigo 8.3 da Ley 38/2003

Ademais tamén debe elaborarse por parte dos órganos xestores o correspondente Plan estratéxico o que fai referencia o artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións e os artigos 10 e seguintes do Real Decreto 887/2006. Así o citado artigo 8.1 da Lei determina:

“8.1 Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria.”

C) Debe procederse á contratación de servizos de carácter fixo do Concello (entre outros subministro de enerxía eléctrica, seguros, telefonía fixa e móbil , servizo prevención e

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

vixilancia saúde, servizo postal, desinfección e desratización colexios,...). Con isto garantiríase un pleno respecto á lexislación contractual garantízanse unha competencia efectiva na licitación dos mesmos e realizándose un control do gasto destes servizos. Desta clase de gastos non constan contratos formalizados por parte do Concello, tal e como advertiu esta Intervención en diversos informes, e a realización dos preceptivos tramites administrativos conlevarían tamén trámites presupostarios o que garantiría un control destes gastos. Os órganos xestores en conxunto co Departamento que tramita os contratos debería realizar un estudo de estos servizos e subministrados a efectos de proceder a iniciar os trámites correspondentes para proceder a contratación dos mesmos de acordo co procedemento legalmente correspondente.

Polo que se refire o **Estado de gastos** recóllense no Orzamento **previsións de gastos por importe de 6.424.056,78 euros**, coa seguinte distribución:

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	COEFICIENTE
1	GASTOS DE PERSOAL	3.144.509,93	0,48949
2	GASTOS BENS CORRENTES-SEF	2.442.260,00	0,38017
3	GASTOS FINANCIEIROS	37.500,00	0,00584
4	TRANS. CORRENTES	412.050,00	0,06414
	TOTAL OPERACIÓNS CORRE	6.036.319,93	0,93964
6	INVESTIM. REAIS	76.800,00	0,01196
7	TRANS. DE CAPITAL	0,00	0,00000
9	PASIVOS FINANCEIROS	310.936,85	0,04840
	TOTAL OPERAC DE CAPITAL	387.736,85	0,06036

CUARTA PARTE: PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO.

No derradeiro apartado do presente informe considérase necesario expoñer, aínda que sexa de forma esquemática, o procedemento a seguir para a aprobación do Orzamento. A tal fin, os trámites son os seguintes:

- Presentación do Proxecto do Orzamento perante a Comisión informativa de Economía e Facenda, para os efectos de que emita o correspondente dictame. Previamente á celebración da sesión da Comisión informativa débese dar audiencia ós representantes de persoal do Concello, no tocante ás previsións de gastos de persoal e modificacións do plantel de persoal, dándolle así cumprimento ó disposto nos artigos 31 e seguintes da Lei 7/2007 pola que se aproba o Estatuto básico do Empregado público. Neste caso esta Interventora informa que non se comunicou a amortización de dúas prazas e a creación da praza de técnico de Intervención.
- Presentación do Proxecto de Orzamento dictaminado pola Comisión informativa de Economía e Facenda perante o Pleno da Corporación. Aprobación inicial do mesmo, abondando a maioría simple dos votos a favor. O acordo de aprobación é único, sen que sexa posible dictar acordos separados para cada unha das partes do

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

documento orzamentario ou dos seus anexos.

- Exposición ó público do Orzamento durante o prazo de quince días hábiles, mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e outro exposto no Taboleiro de Anuncios da Corporación. O prazo empezárase a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Son hábiles tódolos días nos que estea aberto o Rexistro de entrada do Concello. Só poderán presentarse reclamacións que estean fundadas nalgúns dos seguintes motivos:
 - a) Incumprimento do procedemento previsto legalmente, por omisión dalgún trámite ou requisito.
 - b) Omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas exixibles a este Concello, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
 - c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos presupostados ou ben de estes últimos con respecto ás necesidades da Corporación.

- No caso de que non se presentasen reclamacións, o Orzamento e os seus anexos quedarían definitivamente aprobados, sendo necesaria a publicación do resumo por capítulos e da plantilla para que se produza a súa entrada en vigor. De presentarse reclamacións, o Pleno deberá resolvelas no prazo dun mes desde a finalización do prazo de reclamacións (artigo 169.1 do TRLRFL). Unha vez tomado o acordo definitivo que proceda, procederase a súa publicación nos termos indicados anteriormente.

- Contra a aprobación definitiva do Orzamento só poderá interponerse Recurso contencioso-administrativo perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a publicación definitiva do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

En virtude de todo o exposto, a funcionaria asinante, no cumprimento da función interventora, emite o presente informe sobre o Proxecto de Orzamento presentado polo Alcalde-Presidente, coas observacións manifestadas e reiterando con respecto á regra de gasto que será no momento da liquidación e cos datos reais de execución orzamentaria onde se realizará o informe de cumprimento ou incumprimento da mesma e no momento no que se concluirá a necesidade ou non de realizar plan de axuste.

Concello de Ortigueira